

Resolución do 14 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas e subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a participación dos seus grupos folclóricos nos actos do V Día da Galicia Exterior, que se celebrará en Santiago de Compostela no ano 2010.

O Estatuto de autonomía de Galicia reconece ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. A Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, establece o carácter de comunidades galegas das entidades asociativas sen ánimo de lucro, validamente constituídas e con personalidade xurídica no territorio en que se encontren asentadas, que teñan por obxecto principal nos seus estatutos o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia.

No Decreto 79/2009, do 19 de abril, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e no Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da comunidade autónoma á que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, e as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como a elaboración e xestión de programas de axudas e subvencións nas áreas sociais e culturais e aqueles outros dirixidos á dinamización da xuventude integrada nesas comunidades galegas no exterior.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, desconcentra no secretario xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Coincidindo coa celebración en Santiago de Compostela dos anos santos xubilares, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Emigración, convoca as comunidades galegas do exterior a participaren nunha manifestación en que se materialice a súa realidade e importancia. Esta manifestación, que acadará a súa quinta edición, converteuse nunha convocatoria xa tradicional, na cal os galegos que viven fóra de Galicia amosan o seu traballo en defensa das tradicións e da cultura que os vencella coa nosa terra. Entre outros actos, está prevista a celebración do Festival de Folclore, dirixido aos grupos dos centros e comunidades galegas do exterior, que ven neste evento a oportunidade de mostraren en Galicia o seu traballo.

Esta resolución abrangue as bases reguladoras e a convocatoria para o exercicio 2010 das axudas e subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a participación dos seus grupos folclóricos no festival que se celebrará dentro dos actos do V Día da Galicia Exterior. Tendo en conta que é preciso adoptar medidas que reforcen a participación da emigración en actividades sociais e culturais, o obxectivo desta convocatoria é implicar e facer partícipes os colectivos de galegos residentes no exterior en convocatorias que fomenten a súa integración coa Galicia territorial.

O procedemento de concesión das axudas e subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, respectando os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación, a que se debe axustar a xestión das subvencións e axudas outorgadas polas administracións públicas.

En virtude do exposto, de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da referida Lei 9/2007; nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normativa de aplicación, logo de informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada deste órgano,

RESOLVO:

Artigo 1º.-Convocatoria de subvencións e bases reguladoras.

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas cales se rexerá a convocatoria da Secretaría Xeral da Emigración das axudas e subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a participación dos seus grupos de folclore tradicional galego nos actos de celebración do V Día da Galicia Exterior, que se celebrará en Santiago de Compostela con motivo do Ano Santo de 2010.

2. Así mesmo, por medio desta resolución, convócanse as devanditas subvencións para o ano 2010.

Artigo 2º.-Prazo de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 3º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

O prazo máximo para resolver será de tres meses, que comezará a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Trans-

corrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-Imputación orzamentaria.

Para a concesión das axudas previstas nesta resolución resérvase inicialmente un crédito total de 125.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.312C.481.0.-Axudas a entidades no ámbito das migracións, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010-. A devandita contía poderase incrementar de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e como consecuencia das circunstancias sinaladas no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 5º.-Réxime de recursos.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2010.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a participación dos seus grupos de folclore tradicional galego na celebración dos actos do V Día da Galicia Exterior, que se celebrará en Galicia no mes de agosto de 2010

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade das axudas.

Este programa ten por obxecto favorecer a participación das entidades galegas asentadas fóra de Galicia, que veñen traballando en prol da cultura galega, difundindo os seus valores a través da creación e mantemento de grupos de canto, música e danza tradicional entre os seus asociados, principalmente entre os máis novos, nos actos do V Día da Galicia Exterior que terá lugar en Galicia no mes de agosto de 2010.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas para este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade de conformidade coa Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, ou a súa condición de centro colaborador mediante resolución aprobatoria ditada pola Secretaría Xeral da Emigración, ao abeiro da disposición

adicional única do Decreto 195/1991, do 30 de maio, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas. Tamén poderán participar aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro, radicadas fóra de Galicia, legalmente constituídas e que contribúan a favorecer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego, que contén con grupos de música, canto ou danza tradicional galega propios, que demostren actividade continuada nos últimos tres anos, como mínimo, antes da presente convocatoria.

Entenderase que a entidade solicitante cumpre este requisito se acredita documentalmente a realización de escola de danza, música ou canto, tradicional galego, actuacións artísticas fóra do propio centro, edición de discos, DVD ou similares ou a realización de accións de difusión ou preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

Artigo 3º.-Gastos subvencionables.

Serán gastos subvencionables aqueles relacionados directamente coa participación no V Día da Galicia Exterior, tales como gastos de desprazamento, manutención, aloxamento e demais gastos correntes necesarios para o cumprimento do obxecto da axuda.

Artigo 4º.-Solicitudes.

Para poder ser beneficiario destas subvencións, deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución e que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5º das bases reguladoras.

A través do formulario proporciónanse á Secretaría Xeral da Emigración datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento e, para ese efecto, procederáse á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguranza técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, non obstante, a Secretaría Xeral da Emigración revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito, achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificios administrativos, rúa dos Basquiños, 2, 15704, Santiago de Compostela.

Artigo 5º.-Lugar de presentación das solicitudes.

As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao órgano competente, Secretaría Xeral da Emigración (rúa dos Basquiños, 2, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña, España), e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 6º.-Documentación.

As entidades interesadas en concorrer ás axudas e subvencións obxecto deste programa deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o modelo normalizado que figura como anexo II desta resolución.

b) Memoria explicativa que recolla:

-Ano de creación do grupo folclórico e denominación.

-Actuacións en festivais, mostras, concertos, televisión ..., realizadas polo grupo nos últimos cinco anos como mínimo.

-Premios, distincións, mencións recibidas polo grupo de institucións, entidades ou medios especializados.

-Accións de formación, difusión ou preservación do folclore galego que realice a entidade de forma continuada.

-Accións salientables de difusión ou preservación da cultura galega realizadas pola entidade.

c) Información completa sobre a identidade, currículo e experiencia do director, mestre ou responsable do grupo.

d) Composición do grupo participante na actividade, coa relación individualizada dos compoñentes en que conste a idade, a relación con Galicia e un breve historial artístico individual, se for salientable.

e) Declaración do conxunto das subvencións solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade para que se solicita a axuda das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado que figura como anexo III desta resolución.

f) Declaración expresa de non estaren incurso nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo anexo III).

g) Declaración en que conste que a entidade solicitante se encontra ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia (modelo anexo III).

h) Certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose presentada con anterioridade en procedementos realizados coa Xunta de Galicia, ou se producise algún cambio. En casos excepcionais, cando no tráfico xurídico mercantil do país en que a entidade teña o seu domicilio social non estea implantado o sistema bancario ou presente especiais dificultades por non estar xeneralizado, por ser excesivamente gravoso ou/e por non ofrecer garantías de estabilidade e seguranza, as entidades solicitantes poderán quedar exentas de presentar a certificación bancaria exixida como documentación preceptiva para o programa previsto nesta resolución.

i) Fotocopia do NIF da entidade ou equivalente segundo o país (CUT, RIF, catastro,...), sempre que non fose presentada noutros procedementos con anterioridade.

j) Para as entidades solicitantes que non estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, e coa finalidade de comprobar se cumpren os requisitos necesarios para seren beneficiarias das axudas, informe asinado polos representantes legais de entidade en que se describan detalladamente as accións realizadas nos últimos tres anos e os importes investidos, referidas á difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

Artigo 7º.-Procedemento de concesión e instrución.

1. O procedemento para a tramitación e concesión das subvencións que se convocan por esta resolución axustarase ao procedemento de concorrencia competitiva previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da referida Lei 9/2007, e demais normativa de aplicación.

2. De acordo co establecido no artigo 20.5º, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta resolución, o órgano competente requirirá a entidade solicitante para que no prazo máximo e improrrogable de dez días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requerimento farase indicación expresa de que, se non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O órgano instrutor será o/a subdirector/a xeral de Programas Sociais ou persoa funcionaria da subdirección en que delegue.

4. Os expedientes serán avaliados por un órgano colexiado, que formulará a correspondente proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instrutor. O devandito órgano colexiado estará formado polos seguintes membros:

-O/a xefe/a do servizo de Promoción dos Centros e Comunidades Galegas.

-O/a xefe/a do Servizo de Acción Socio-Cultural.

-Un/unha funcionario/a da subdirección, que actuará como secretario/a.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión de avaliación, poderá ser substituído pola persoa que para o efecto designe o secretario xeral da Emigración.

5. Como resultado da aplicación dos criterios establecidos nesta resolución, para os efectos da concesión da subvención, obterase unha relación de todas as solicitudes que cumpren cos requisitos establecidos nas bases, ordenada segundo a puntuación obtida e segundo as seguintes áreas xeográficas: 1, África-Oceanía-Asia; 2, América; 3, España; 4, Europa.

6. Sempre que haxa un número de entidades solicitantes suficiente en cada unha das áreas mencionadas no punto anterior, co ánimo de favorecer unha representación maior e plural dos países, ou comunidades autónomas no caso de España, nos cales se asentan as comunidades galegas no exterior, a comisión fará a correspondente proposta de axudas seguindo a seguinte distribución: área 1, ata un máximo de 2 grupos; área 2, ata un máximo de 6 grupos; área 3, ata un máximo de 6 grupos; área 4, ata un máximo de 6 grupos.

Dentro dos grupos representantes de cada área, seleccionarase un grupo por país ou comunidade en orde de maior a menor puntuación obtida, sempre que acadase unha puntuación, en aplicación dos criterios de valoración, igual ou superior á media resultante das obtidas por todas as solicitudes presentadas á convocatoria que reúnan os requisitos para seren beneficiarios.

Unha vez realizada a clasificación, de quedaren prazas ou crédito sobrance, asignaranse a grupos que non fosen seleccionados segundo a seguinte orde de preferencia:

-De non ter solicitudes suficientes que cumpran os requisitos anteriores nunha área, asignaranse as prazas non cubertas a grupos doutras áreas, tendo en conta, en orde preferente, grupos de países ou comunidades que non estivesen representados, segundo a súa maior puntuación acadada e sempre e cando obtivesen a puntuación mínima exixida. Para o caso de que todos os países ou comunidades estivesen representados, asignaranse as axudas a grupos non seleccionados segundo a súa maior puntuación obtida, ata esgotar o crédito.

7. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano Colexiado, formulará a proposta de resolución, que se elevará ao secretario xeral da Emigración, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias segundo as cotas asignadas a cada área xeográfica. No suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión de subvención aos solicitantes seguintes na orde de puntuación, aplicando os

criterios de distribución por áreas, países e comunidades autónomas previstos nestas bases.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

As solicitudes presentadas serán obxecto de valoración de acordo cos seguintes criterios:

1. Antigüidade do grupo folclórico: ata 10 puntos.

-3 anos, 1 punto; por cada ano de antigüidade máis incrementárase un punto ata un máximo de dez.

2. Número de compoñentes do grupo: ata 10 puntos.

-10 compoñentes, 1 punto; por cada compoñente máis, incrementárase un punto ata un máximo de dez.

3. Porcentaxe de participantes galegos ou descendentes de galegos ata a segunda xeración. ata 10 puntos.

-15% de compoñentes, 1 punto; por cada incremento do cinco por cento engadiráselle un punto ata un máximo de dez.

4. Actuacións do grupo en festivais, mostras, concertos, medios audiovisuais..., realizadas fóra da sede social da entidade solicitante nos últimos 5 anos: ata 10 puntos.

5. Accións realizadas pola entidade solicitante para a difusión, preservación e engrandecemento da cultura galega nos últimos tres anos: ata 10 puntos.

Para a puntuación dos números 4 e 5, aplicarase a seguinte secuencia de valoración: 2 accións, 1 punto; por cada dúas accións engadiráselle un punto, ata un máximo de 10.

6. Edición de publicacións, discos, DVD, CD ... realizadas polo grupo desde a súa creación: ata 10 puntos.

7. Premios, distincións ou mencións en medios especializados recibidos polo grupo nos últimos 15 anos: ata 10 puntos.

Para a puntuación dos números 6 e 7 aplicarase a seguinte secuencia de valoración: 1 acción, 2 puntos; por cada nova acción engadiráselle dous puntos, ata un máximo de dez.

8. Estruturación do grupo, ata 10 puntos.

-Corpo de danza, de música ou de canto, 4 puntos.

-Corpo de danza e música, de danza e canto, ou de música e canto, 8 puntos.

-Corpo de danza, música e canto, 10 puntos.

9. Valoración do currículo artístico e profesional do director do grupo, ata 10 puntos.

10. Emprego da lingua galega na realización das actividades, 10 puntos.

Artigo 9º.-Contía das axudas.

A cantidade que se concederá a cada entidade beneficiaria será a resultante de multiplicar o número de compoñentes do grupo, ata un máximo de 25 participantes, que actuará no Festival Internacional

de Folclore, que se celebra en Santiago de Compostela con motivo da celebración do V Día da Galicia Exterior, convocado pola Secretaría Xeral da Emigración para o mes de agosto de 2010, polas seguintes contías:

América, África, Asia, Oceanía: 500 € por participante.

Para os grupos procedentes de Cuba, engadiráselles o custo de tramitación de documentación de saída do país.

Europa: 150 € por participante.

España e Portugal: 100 € por participante.

A contía máxima que concederá por entidade, non poderá exceder de 18.000 €.

Concederanse axudas ata esgotar a partida orzamentaria prevista na convocatoria, tendo en conta as entidades que acaden unha maior valoración e segundo os criterios de distribución territorial e de valoración previstos nestas bases.

Serán por conta das entidades beneficiarias os trámites, xestións, e custos dos desprazamentos, traslado de material, estada en Galicia ou calquera outro efectuado, de todos os compoñentes do grupo correspondente. A Secretaría Xeral da Emigración, non estará obrigada a realizar xestións ou asumir custos, acerca da participación de grupos ou persoas nos mencionados actos, que non sexan os recollidos nestas bases. Só poderá incluírse nesta axuda un membro da xunta directiva da entidade, que actuará como delegado e representante da entidade nos actos do evento.

Artigo 10º.-*Concorrenza de axudas.*

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra que poida ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levou a cabo o beneficiario.

Artigo 11º.-*Resolución.*

1. As resolucións serán ditadas polo secretario xeral da Emigración e notificadas aos interesados. A Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web www.galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e os importes das axudas concedidas. A presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e para a súa publicación na citada páxina web.

2. Unha vez ditada a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar, antes de que conclúa o prazo para a realización das accións, a modificación do seu contido, se concorreren circunstancias que alteren substancialmente as condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

3. As entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a comunicar á Secretaría Xeral da Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a execución das accións subvencionadas. A Secretaría Xeral da Emigración poderá adoptar a resolución de modificación da concesión ou de revogación que corresponda.

Artigo 12º.-*Xustificación.*

1. A acción subvencionada deberá ser xustificada antes do 15 de setembro de 2010, agás causa xustificada que será avaliada pola Secretaría Xeral da Emigración.

2. Previamente ao pagamento do importe final da subvención concedida, sen prexuízo da posibilidade de efectuar pagamentos anticipados ou á conta segundo o disposto no base 13º desta resolución, os beneficiarios de axudas deberán remitir á Secretaría Xeral da Emigración, antes do prazo sinalado, unha conta xustificativa que conterá:

a) Unha memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das accións realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica que conterá:

-Relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acreedor e do número de documento, o seu concepto, o seu importe e a data de emisión (pode utilizarse o modelo que figura como anexo IV desta resolución).

A esta relación engadiránselle os documentos xustificativos dos gastos realizados, (facturas e demais documentos con validez no tráfico xurídico mercantil). Para estes efectos, de conformidade co establecido no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. De conformidade co establecido no parágrafo 3 do citado artigo 42, e debido ao tipo e escasa contía dos gastos subvencionables, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor para gastos por importes inferiores a 1.000 €.

c) Declaración doutros ingresos ou subvencións solicitadas, tanto aprobadas como pendentes de resolución, que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o modelo normalizado que figura como anexo V desta resolución.

d) Declaración responsable de que a entidade solicitante se encontra ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia (pode usarse o modelo que figura como anexo V á esta resolución).

e) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

3. De acordo co establecido no artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en relación co establecido no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común), cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención, aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola entidade beneficiaria, porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez días para a súa corrección. A falta de presentación da documentación requirida no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención.

Artigo 13º.-*Pagamento.*

1. Unha vez resolto o expediente e, para acadar unha maior operatividade deste tipo de axudas e por tratarse de entidades sen ánimo de lucro, poderán efectuarse pagamentos á conta ou acordarse anticipos dos importes concedidos ata a contía máxima permitida de acordo co establecido no artigo 63º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, suxeitos aos requisitos que se establecen nelas. O resto do importe librarase no momento de completar a xustificación por parte dos beneficiarios do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a axuda e demais condicións exixidas nesta resolución.

2. De conformidade co establecido no artigo 65.4º e 5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias desta resolución non estarán obrigadas a constituír garantía.

3. A Secretaría Xeral da Emigración efectuará o pago correspondente da contía concedida segundo o número efectivo de participantes da entidade na actividade e ata o número previsto na solicitude que deu lugar a concesión.

O número de participantes que se contabilizarán para determinar o pagamento final será o recollido na certificación emitida pola Secretaría Xeral da Emigración, cos nomes dos participantes efectivos na actividade.

Artigo 14º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Con carácter xeral, os beneficiarios das axudas e subvencións correspondentes ao programa convocado por esta resolución quedan obrigados a:

1. Realizar a actividade ou comportamento que fundamente a concesión da subvención.

2. Someterse aos requisitos legais e regulamentarios que recolla a normativa xeral de aplicación ás axudas e subvencións da Xunta de Galicia, en con-

creto as recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de fondos pode efectuar o departamento concedente, ás de control financeiro que realice a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e aos procedementos fiscalizadores do Consello de Contas e do Tribunal de Contas.

3. Comunicar á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

4. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos.

5. Se, por calquera motivo, a actuación programada non se puiden realizar, deberáselle comunicar á Secretaría Xeral da Emigración, que poderá dispoñer do citado crédito para subvencionar grupos inicialmente non atendidos ou aumentar a axuda doutros subvencionados parcialmente.

6. As entidades beneficiarias de axudas ou subvencións recollidas nesta resolución quedarán obrigadas á difusión do financiamento por parte da Secretaría Xeral da Emigración nos actos, documentación e publicacións que realicen, por calquera medio, con motivo da actuación subvencionada.

Artigo 15º.-*Control e comprobación.*

1. A Secretaría Xeral da Emigración poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 16º.-*Requirimentos.*

De acordo co artigo 60 da Lei 30/1992, a realización dos requirimentos que procedan poderase efectuar por medio de publicación no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e na páxina web www.galiciaaberta.com.

A eficacia dos citados requirimentos será a partir das devanditas publicacións. Sen prexuízo do anterior, a Secretaría Xeral da Emigración poderá comunicar os requirimentos ao enderezo de correo electrónico, sempre que se indique na solicitude. Así mesmo, debe significarse que os prazos de dez días se computarán desde a publicación na páxina web indicada dos requirimentos e non desde a súa comunicación.

Artigo 17º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. Procederá a revogación das axudas e subvencións, así como o reintegro total ou parcial das canti-

dades percibidas e a existencia do xuro de mora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 33 e seguintes, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1º n) da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se debe minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para que se concede a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitárase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Devolución voluntaria. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e cando proceda o reintegro da subvención, a entidade beneficiaria poderá devolver voluntariamente os pagamentos percibidos mediante o seu ingreso na correspondente conta bancaria da Secretaría Xeral da Emigración. O importe da devolución incluírá os xuros de mora previstos legalmente ata o momento en que se produciu a devolución efectiva por parte da entidade.

4. Aos/As beneficiarios/as das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 18º.-*Publicidade.*

De conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario/a, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 19º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude de concesión desta axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O solicitante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público

de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Salvo nos casos sinalados no artigo 9.4º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a falta de autorización da obtención de datos ou a súa publicidade poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos nas solicitudes deste programa serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. As entidades solicitantes poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Secretaría Xeral da Emigración como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé da solicitude.

Artigo 20º.-*Réxime de recursos contra as resolucións ditadas.*

As resolucións que se ditén neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación, no caso de resolucións expresas, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 21º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e demais normativa que a desenvolva.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

ANEXO II

PROCEDEMENTO PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS FOLCLÓRICOS DAS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR NO "V DÍA DA GALICIA EXTERIOR"	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR813A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS			
<input type="text"/>			
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PAIS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CARGO NA ENTIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ENTIDADE QUE REPRESENTA

NOME		NIF / CIF / RIF / CUIT	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		LOCALIDADE	Nº TOTAL SOCIOS
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
PAIS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE COMUNICACIÓN		TELÉFONO PARA OS MESMOS EFECTOS	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

BREVE DESCRICIÓN DO GRUPO PARA O CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

<input type="text"/>

IMPORTE DA SOLICITUDE

Nº DE PARTICIPANTES:	<input type="text"/>
IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SOLICITA (EN EUROS)	<input type="text"/>

FORMA DE PAGAMENTO

CERTIFICACIÓN BANCARIA	
<input type="checkbox"/> PRESÉNTASE CERTIFICACIÓN BANCARIA	<input type="checkbox"/> XA FOI PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
MOTIVO POLO QUE NON SE ACHEGA:	
<input type="text"/>	



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral da Emigración

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE (MARCAR CUN X O QUE CORRESPONDA)

- MEMORIA EXPLICATIVA DO GRUPO.
- INFORMACIÓN COMPLETA SOBRE A IDENTIDADE, CURRÍCULO E EXPERIENCIA DO DIRECTOR, MESTRE OU RESPONSABLE DO GRUPO.
- COMPOSICIÓN DO GRUPO PARTICIPANTE NA ACTIVIDADE CON RELACIÓN INDIVIDUALIZADA DOS COMPOÑENTES, NA QUE CONSTE IDADE, RELACIÓN CON GALICIA, E BREVE HISTORIAL ARTÍSTICO.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE (ANEXO III).
- DECLARACIÓN DE NON INCORRER EN PROHIBICIÓN PARA OBTENIR A CONDICIÓNS DE BENEFICIARIO/A (ANEXO III).
- DECLARACIÓN CONFORME A ENTIDADE ESTÁ AO CORRENTE DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E NON TEN DÉBEDAS (ANEXO III).
- CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA NA QUE CONSTE O NÚMERO DA CONTA BANCARIA E O TITULAR, DE SER O CASO.
- FOTOCOPIA DO NIF DA ENTIDADE OU EQUIVALENTE SEGUNDO O PAÍS (CUIT, RIF, CADASTRO, ...) DE SER O CASO.
- PARA AS ENTIDADES SOLICITANTES NON INSCRITAS NO REXISTRO DE COMUNIDADES GALEGAS:** INFORME ASINADO POLOS REPRESENTANTES LEGAIS DA ENTIDADE NO QUE CONSTEN AS ACCIÓNS REALIZADAS NOS TRES ÚLTIMOS ANOS E OS IMPORTES INVERTIDOS REFERIDAS Á DIFUSIÓN E PRESERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL GALEGO NO EXTERIOR.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** presta expresamente o seu consentimento para que de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Ley 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.

CERTIFICAMOS A VERACIDADE DE TODOS OS DATOS CONTIDOS NESTA SOLICITUDE E DECLARAMOS QUE A ENTIDADE SOLICITANTE ATÓPASE AO DÍA NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS E DA SEGURIDADE SOCIAL, ASÍ COMO QUE NON TEN DÉBEDAS PENDENTES COA COMUNIDADE AUTÓNOMA. PORÉN, DE SER NECESARIO, AUTORIZÁSE Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN PARA QUE SOLICITE E CONSIGA DOS ORGANISMOS CORRESPONDENTES A INFORMACIÓN NECESARIA AO RESPECTO.

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

VISTO E PRACE
 O/A PRESIDENTE/A OU O/A
 REPRESENTANTE LEGAL

(SELO DA ENTIDADE)

O/A SECRETARIO/A

Asdo.:

Asdo.:

(NOME E APELIDOS)

(NOME E APELIDOS)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 14 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas e subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a participación dos seus grupos folclóricos nos actos do V Día da Galicia Exterior, que se celebrará en Santiago de Compostela no ano 2010.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA



DECLARACIÓN NA FASE DA SOLICITUDE

ENTIDADE GALEGA QUE REALIZA AS DECLARACIÓNS:

ACCIÓN PARA A QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN:

1) DECLARACIÓN DE AXUDAS :

O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE **DECLARA** QUE ESTA TEN SOLICITADAS OU CONCEDIDAS POLOS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS QUE SE INDICAN AS SUBVENCIÓNS QUE SE SINALAN, **PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DA ACCIÓN REFERENCIADA, ademais da solicitada á Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia.**

(IMPORTE EN EUROS)

Admon. pública ou organismo a que se solicitou ou que concedeu subvención	Importe solicitado pendente de conceder (€)	Importe concedido (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(*)

(*) No caso de non ter solicitada ou concedida ningunha subvención para a mesma acción, deberá manifestalo expresamente neste recadro.

2) DECLARACIÓN EXPRESA:

O/A secretario/a da entidade **DECLARA** expresamente que esta non está incura nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

O/A SECRETARIO/A

(SELO DA ENTIDADE)

VISTO E PRACE
O/A PRESIDENTE OU O/A
REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.:

Asdo.:

3) DECLARACIÓN EXPRESA:

O/A secretario/a da entidade **DECLARA** expresamente que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e da Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

O/A SECRETARIO/A

(SELO DA ENTIDADE)

VISTO E PRACE
O/A PRESIDENTE OU O/A
REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.:

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral da Emigración

ANEXO IV

RELACIÓN DAS FACTURAS E DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DO GASTO REALIZADO

Entidade: <input style="width: 100%;" type="text"/>					
Programa: <input style="width: 100%;" type="text"/>					
Nº Orde	Data	Nº factura	Empresa ou entidade emisora	Concepto (*)	Importe (IVE incluído)
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					
16					
17					
18					
(*) Indíquese en cada factura a cal das finalidades subvencionadas corresponde.				Total (en moeda nacional)	<input style="width: 100%;" type="text"/>
				Total (en euros)	<input style="width: 100%;" type="text"/>
<p>CERTIFICO que todas as facturas que aparecen na relación anterior, presentadas como documentación xustificativa, corresponden aos gastos realizados neste ano pola entidade en execución das accións subvencionadas.</p> <p><i>Lugar e data:</i></p> <p>_____ , de _____ de _____</p>					
O/A SECRETARIO/A			VISTO E PRACE O/A PRESIDENTE OU O/A REPRESENTANTE LEGAL		
Asdo.:			Asdo.:		
Páx. <input style="width: 100px;" type="text"/>					



DECLARACIÓN NA FASE DE XUSTIFICACIÓN

ENTIDADE GALEGA QUE REALIZA AS DECLARACIÓNS:

PROGRAMA:

ACCIÓN PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA EMGRACIÓNS:

1) DECLARACIÓN DE AXUDAS :

O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE **DECLARA** QUE ESTA TEN SOLICITADAS OU CONCEDIDAS POLOS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS QUE SE INDICAN AS SUBVENCIÓNS QUE SE SINALAN, **PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DA ACCIÓN REFERENCIADA, ademáis da solicitada á Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia.**

(IMPORTE EN EUROS)

Admón. pública ou organismo a que se solicitou ou que concedeu subvención	Importe solicitado pendente de conceder (€)	Importe concedido (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(*)

(*) No caso de non ter solicitada ou concedida ningunha subvención para a mesma acción, deberá manifestalo expresamente neste recadro.

2) DECLARACIÓN EXPRESA:

O/a secretario/a da entidade **DECLARA** expresamente que a entidade solicitante está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e da Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

O/A SECRETARIO/A

(SELO DA ENTIDADE)

VISTO E PRACE
O/A PRESIDENTE OU O/A
REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.:

Asdo.: